

30 XANEIRO  
Día Escolar da  
Non-violencia  
e a Paz

## ACTIVIDADE

# VOCES DE PAZ

### Conceptos clave

- Interdependencia
- Imaxes e percepcións
- Xustiza social
- Conflitos e resolución
- Cambio e futuro

### Obxectivos

- Celebrar o Día Escolar da non-Violencia e a Paz (30 de xaneiro)
- Identificar distintas formas de violencia.
- Coñecer lugares no mundo onde a infancia está afectada por conflitos.
- Interiorizar métodos de resolución de conflitos.

### Avaliación

- Nivel de empatía cos afectados pola violencia.
- Capacidade de priorizar as responsabilidades nos conflitos.
- Espírito crítico sobre o coñecemento que temos destas realidades.

### Materiais necesarios

- Anexo 1: Ficha: Resolución de problemas en seis pasos.
- Anexo 2: Ficha: Letra da canción *Lánzalo*, de Abraham Mateo.

### Recursos

- Vídeo: *El viaje de Imanol*. UNICEF-EU
- Vídeo: *Imanol presta su voz a Aya*. UNICEF-EU
- Vídeo: *Lánzalo*. Abraham Mateo.
- Vídeo: *El olvido de la memoria*. Iñaki Elizalde.

## 1. Conflitos próximos e afastados

Comezamos preguntando á clase cando foron testemuñas dun incidente violento:

- Cando viches unha pelexa por última vez (na rúa, no instituto, en internet, na tv...)? Participaches? Que aconteceu?
- Coñeces algún país en guerra? Quen participa? Por que empezou? Como o coñeciches?

Con estas preguntas coñeceremos o punto de partida do grupo e como son conscientes de manifestacións violentas na súa contorna e a súa conciencia. De aquí poderemos concluir que a violencia é só unha das formas de abordar os conflitos e que debemos aprender a resolvelos de forma pacífica.


## 2. Resolución de conflitos en seis pasos

Elixiremos unha situación conflitiva que despois invitaremos a representar a dous alumnos. Sirvan como exemplos as seguintes (pódense propoñer situacións do centro):

- Unha persoa está a intentar estudar na casa; un familiar quere escoitar a música e sube o volume ao máximo.
- Unha persoa burlase doutra que vén dun país distinto do seu, falando cun acento esaxerado.
- Alguén presta ao seu mellor amigo un libro que era un regalo especial; cando o amigo regresa co libro, está sucio e dúas páxinas están rotas.
- Un mozo quere facer un traballo de voluntario para unha organización que axuda aos necesitados, pero os seus pais non llo permiten.

Elíxense varias parellas para representar en dous minutos cada unha das situacións seleccionadas. A continuación preséntase a ficha Resolución de conflitos en seis pasos e un terceiro participante encárgase de aplicala, exercendo de mediador. Apoiarémolo na súa tarefa e destacaremos a importancia deste papel.

Tras varios intentos reflexionamos en conxunto pola evolución en cada un dos casos, a dificultade de cada caso, as posturas persoais, os sentimentos experimentados, etc.



Imanol presta a súa voz a Aya.



### 3. Voces dos nenos

Presentamos á clase o vídeo no que Imanol Arias presta a súa voz a Aya. Aproveitamos para preguntar qué saben dos conflitos en Siria e Palestina. A continuación proxectamos o vídeo *El viaje de Imanol* e establecemos un debate para analizar a película. Algunhas ideas:

- Cal é a actitude dos nenos que vemos?
- Que farían sen o apoio de todos?
- Como cremos que serán as súas vidas?

Tras o debate visita a web [www.vocesdelosniños.es](http://www.vocesdelosniños.es) e coñece algo máis da vida dos nenos e nenas que viven en situación de emerxencia e que ven ameazados o seus dereitos. Invitaremos a aqueles que teñan contas en redes sociais a prestar a súa voz a algún destes nenos como propón a web.

Para ampliar o tema propónse o visionado da película *El olvido de la memoria* de Iñaki Elizalde, que foi rodada durante o conflito en Kosovo a finais dos 90 e que conta con testemuños de nenos de ambos os dous bandos e que cuestiona porqué se repiten erros ao longo da historia. Tras ver un conflito actual e outro anterior ao seu nacemento pero que sufriron os protagonistas á súa idade, que pensan? que senten?

### 4. Lánzalo

Tras coñecer algo máis nas anteriores sesións sobre os conflitos chega o momento de poñerse en acción. Proxectamos o vídeo *Lánzalo* de Abraham Mateo.

Explicamos na clase que Abraham empezou a interesarse polas cuestións humanitarias no instituto tras coñecer o traballo de UNICEF a través de Enrédate. Máis tarde grazas á súa carreira artística tivo ocasión de colaborar en diferentes proxectos en galas e concertos. En canto tivo ocasión quixo ir algo máis lonxe e xunto á súa discográfica (Sony) realizou este vídeo doando os beneficios xerados polas reproducións deste tema na súa canle oficial (AbrahamMateoVEVO) e outra serie de accións a través de redes sociais e firmas de discos. Máis alá destes detalles, trátase de demostrar que todos podemos contribuír dun ou doutro xeito e mostrar solidariedade cos afectados polos conflitos.

Podemos analizar a letra da canción para identificar a mensaxe que pretende transmitir. Tamén se poden documentar imaxes tales como as pombas de Picasso, as cancións de John Lennon, etc. É importante considerar que o autor é o propio Abraham Mateo e que o fixo con quince anos.

Agora formulamos á clase, ou ao centro por completo, como abordar a celebración do Día da Paz e cal será a mensaxe que lancemos para conseguir un mundo mellor. Talvez, cantar todos xuntos a canción, versionala nun lip-dub, realizar o noso propio festival de música solidaria...



Podedes facer fotos do evento ou gravar un vídeo para elaborar unha nova para o blog ou o xornal do centro.



Imanol Arias nun campo de refuxiados de Siria en Xordania nunha imaxe pertencente ao vídeo *El viaje de Imanol*.



Fotogramas do vídeo *El olvido de la memoria*, de Lñaki Elizalde, unha película que nos fai pensar sobre se aprendemos dos erros.

ACTIVIDADE

ANEXO 1. RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS EN SEIS PASOS

<p><b>1 IDENTIFICAR AS NECESIDADES</b></p>	<p><b>Que necesidades? Que queredes exactamente?</b></p>	<p>Cada unha das persoas que vive o conflito ten que contestar a esta pregunta, sen acusar ou censurar á outra persoa.</p>
<p><b>2 DEFINIR O PROBLEMA</b></p>	<p><b>Desde o teu punto de vista, cal é o problema?</b></p>	<p>A clase enteira pode axudar a encontrar unha resposta que considere as necesidades das dúas persoas. Os afectados polo conflito deben aceptar a definición.</p>
<p><b>3 BUSCAR VARIAS SOLUCIÓNS</b></p>	<p><b>Cantas solucións posibles se nos ocorren?</b></p>	<p>Anotamos todas as propostas sen emitir xuízos ou valoracións aínda que algunhas poidan parecer evidentemente pouco útiles.</p>
<p><b>4 AVALIAR AS SOLUCIÓNS</b></p>	<p><b>Estariades contentos con esta solución?</b></p>	<p>Cada actor do conflito consulta a lista de solucións e explica cales serían aceptables e cales non.</p>
<p><b>5 SELECCIONAR A MELLOR SOLUCIÓN</b></p>	<p><b>Aceptades os dous esta solución? Así resolveríase o problema?</b></p>	<p>Asegurar que ambas as dúas partes do conflito aceptan e recoñecen os esforzos por alcanzar un acordo.</p>
<p><b>6 VER COMO SE APLICA A SOLUCIÓN ELIXIDA</b></p>	<p><b>Falamos de novo deste tema para asegurarnos de que está resolto?</b></p>	<p>Establecerase un plan para avaliar a solución, recoñecer avances, modificacións, etc. segundo as idades e a natureza do conflito poderá ser inmediato ou periódico.</p>



## ACTIVIDADE

### ANEXO 2. LETRA DA CANCIÓN LÁNZALO, ABRAHAM MATEO



*Quiero un mundo dibujado con Palomas de Picasso  
con canciones de John Lennon en la punta de los labios.*

*Sigo aquí perdido en una ISLA,  
todo lo que tengo es un papel.  
Enviaré al mundo hoy un S.O.S  
qué decir en pocas líneas, no lo sé.  
Lánzalo, que navegue pásalo  
que en las olas viaje la ilusión por UN MUNDO MEJOR*

*Lánzalo lo podemos intentar,  
miles de botellas por el mar van llevando éste mensaje...*

*Lánzalo, lánzalo... lánzalo...*

*He escuchado el canto de sirenas,  
he visto de lejos naufragar  
tantos sueños presos de la ambición,  
que al fin, no sé si es mejor vivir aquí o allí.*

*Lánzalo, que navegue pásalo  
Que en las olas viaje la ilusión por UN MUNDO MEJOR  
Lánzalo lo podemos intentar,  
miles de botellas por el mar van llevando éste mensaje...*

*Lánzalo, lánzalo... lánzalo...*

*QUIERO UN MUNDO sin fronteras, sin banderas,  
sin soldados disparando en las trincheras  
a otros hombres asustados bajo leyes  
de gobiernos pacifistas disfrazados  
con oscuras ambiciones y sus cuentos tan baratos.*

*QUIERO UN MUNDO sin mentiras  
que nos cuelan a diario poderosos que permiten  
que se mueran mientras tanto,  
sin escuela, medicinas, alimentos,  
desahuciados alimentan la carrera de armamentos con  
descaro...*

*(QUIERO UN MUNDO sin prejuicios, sin racismo, más humano,  
siendo todos tan iguales, el moreno y el más claro,  
el que nace en esta tierra o el que llega de otro lado,  
el que piensa de otra forma siempre a todos respetando...  
QUIERO UN MUNDO dibujado con Palomas de Picasso,  
con canciones de John Lennon en la punta de los labios,  
con claveles en la boca de fusiles recortados,  
con paisajes en los ojos de ese cielo limpio y claro...  
QUIERO UN MUNDO sin los bosques por incendios arrasados  
por los turbios intereses de unos cuantos desalmados,  
sin basura sobre el agua de los ríos  
que otros cuantos van vertiendo por  
negocios sin remedio a su paso.)*

*Lánzalo, que navegue pásalo  
Que en las olas viaje la ilusión por UN MUNDO MEJOR  
Lánzalo lo podemos intentar,  
miles de botellas por el mar van llevando éste mensaje...  
Lánzalo, que navegue pásalo  
que en las olas viaje la ilusión por UN MUNDO MEJOR  
Lánzalo lo podemos intentar,  
miles de botellas por el mar van llevando éste mensaje...  
Lánzalo, lánzalo... lánzalo*

*Sigo aquí perdido en una ISLA.*